

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

19768 *Real decreto 1786/2009, do 20 de novembro, polo que se regula a iniciativa de apoio financeiro á modernización e mellora do comercio interior.*

A actividade comercial ten un efecto vertebrador na sociedade, especialmente en zonas de baixa densidade de poboación, e unha función social nas cidades e grandes municipios, xa que xera emprego e dota de servizos indispensables o conxunto dos cidadáns.

A conxuntura económica actual fai necesario mobilizar recursos adicionais aos xa asignados a través do Plan de Mellora da Produtividade e Competitividade no Comercio 2009-2012, co fin de favorecer en todos os seus aspectos a situación competitiva do comercio retalista.

Neste marco, e como complemento ao Plan de Mellora da Produtividade e Competitividade no Comercio 2009-2012, aprobado pola Conferencia Sectorial de Comercio Interior do 30 de xuño de 2009, inscríbese o Fondo Financeiro do Estado de Axuda ao Comercio Interior, que é debedor da filosofía do plan, do cal adopta os mesmos principios de actuación en favor do comercio retalista e que é coincidente con este nas categorías de proxectos financiáveis.

En resposta a esta necesidade, a Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, na súa disposición adicional trixésima crea o Fondo de Axuda ao Comercio Interior e habilita o Goberno para establecer regulamentariamente o desenvolvemento desta iniciativa.

Os recursos da iniciativa canalizaranse a través do Fondo Financeiro do Estado de Axuda ao Comercio Interior, adscrito á Secretaría de Estado de Comercio, xestionado por esta, e cuxa administración financeira levará a cabo o Instituto de Crédito Oficial (ICO), baseándose na estreita coordinación que se prevé entre o sector público e o privado dos municipios nos cales se desenvolvan os ditos proxectos.

Dada a extraordinaria importancia do comercio na economía nacional, considérase necesario ditar normas coma esta, de ámbito estatal, de ordenación da economía, dirixidas a impulsar a modernización das infraestruturas comerciais e promover o desenvolvemento do sector comercial de España no seu conxunto, garantindo as mesmas posibilidades de obtención a todos os potenciais destinatarios en todo o territorio nacional e evitando que se supere a contía global do fondo.

Dada a distribución de competencias en materia de comercio entre o Estado e as comunidades autónomas, o real decreto prevé a participación activa das mencionadas comunidades autónomas na tramitación das solicitudes, así como a posibilidade de que as liñas de financiamento se complementen e sexan compatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada por outras administracións públicas de ámbito nacional ou supranacional, con obxecto de salvagardar o principio de cooperación institucional e de respecto ás respectivas competencias.

O real decreto foi obxecto do informe previo dos ministerios de Política Territorial e de Economía e Facenda. Tamén foron consultadas as comunidades autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias.

Por outra parte, este real decreto foi obxecto de informe pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos na súa reunión do 2 de xullo de 2009.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 20 de novembro de 2009,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular os termos e condicións de aplicación do Fondo Financeiro do Estado de Axuda ao Comercio Interior en desenvolvemento do establecido na disposición adicional trixésima da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009.

2. Esta iniciativa ten por finalidade apoiar financeiramente as actuacións orientadas á modernización, mellora da eficacia e eficiencia do comercio interior.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

1. O Fondo Financeiro do Estado de Axuda ao Comercio Interior rexerá polas normas contidas na disposición adicional trixésima da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009 e polas disposicións deste real decreto.

2. Conforme o disposto no artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, o Fondo Financeiro do Estado de Axuda ao Comercio Interior carece de personalidade xurídica e seralle de aplicación o disposto na dita lei e nas normas que o desenvolvan, en canto ao seu réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control.

Artigo 3. *Recursos da Iniciativa de Apoio Financeiro á Modernización e Mellora do Comercio Interior.*

1. Os recursos desta Iniciativa canalizaranse a través do Fondo Financeiro do Estado de Axuda ao Comercio Interior, adscrito á Secretaría de Estado de Comercio, xestionado por esta e cuxa administración financeira levará a cabo o Instituto de Crédito Oficial (ICO).

2. O Fondo Financeiro do Estado de Axuda ao Comercio Interior financiarase coa contía que anualmente se determine na Lei de orzamentos xerais do Estado, con cargo á aplicación orzamentaria 20.07.4310.871, e queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 4. *Proxectos financiáveis.*

Os proxectos de investimento que se presenten para ser obxecto de financiamento deberanse realizar no territorio nacional, ter un valor mínimo de 150.000 euros e enmarcarse en, polo menos, algunha das categorías seguintes:

1. Consolidación de centros comerciais abertos e mellora das infraestruturas que incidan favorablemente no comercio urbano de proximidade.

2. Remodelación dos mercados municipais retallistas que non implique modificación da actividade orixinal, modernización dos seus postos de venda ou instalación de calquera elemento necesario para a mellora da actividade comercial destes.

3. Creación e/ou acondicionamento de locais municipais de usos múltiples para a actividade comercial nas zonas rurais.

4. Acondicionamento de espazos para a venda non sedentaria e provisión de servizos neles.

A Conferencia Sectorial de Comercio Interior poderá acordar novas categorías de proxectos financiáveis, en liña cos criterios deste real decreto.

Artigo 5. *Beneficiarios.*

1. Poderán ter a condición de beneficiario: as entidades locais, as entidades de dereito público e/ou empresas públicas dependentes daquelas, as asociacións de pequenas e medianas empresas comerciais, as cámaras oficiais de comercio e as pequenas e

medianas empresas (segundo se definen no anexo I do Regulamento (CE) n.º 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado, Regulamento xeral de exención por categorías) pertencentes ao sector comercio.

2. Son obrigas dos beneficiarios as seguintes:
 - a) Cumprir co proxecto para o que se concedeu o préstamo.
 - b) Someterse ás actuacións de comprobación que lles requirise o órgano concedente e ás de control que correspondan.
 - c) Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguranza Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.
 - d) Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 6. *Modalidades de financiamento.*

1. As modalidades de financiamento consistirán en préstamos sobre un máximo do 80 por cento do valor do proxecto, cunha contía límite do valor do proxecto de 800.000 euros e un tipo de xuro que será fixado anualmente por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio logo de acordo da Comisión Delegada para Asuntos Económicos sobre a base do tipo de referencia ICO.
2. Os prazos de amortización serán de cinco, sete e dez anos, con posibilidade de un, dous ou tres anos de carencia de principal, respectivamente.
3. Non se aplicarán comisións nin penalizacións por cancelación anticipada voluntaria dos préstamos.

Artigo 7. *Convocatoria e tramitación.*

1. A Conferencia Sectorial de Comercio Interior anualmente acordará a convocatoria, que se publicará tanto no «Boletín Oficial del Estado» como nos respectivos boletíns oficiais das comunidades autónomas.
2. Correspóndelles ás comunidades autónomas a ordenación e instrución do procedemento nos termos en que se acorde na Conferencia Sectorial de Comercio Interior.
3. As solicitudes correspondentes aos investimentos que se vaian financiar presentaranse nalgunha das entidades de crédito mediadoras coas cales o ICO subscribíse o correspondente contrato de mediación.
4. As solicitudes de acceso á liña de financiamento regulada por este real decreto presentaranse para cada exercicio orzamentario, no prazo fixado no modelo que se determine nas correspondentes convocatorias. O dito modelo publicarase tamén na web do ICO.
5. As solicitudes deberanse acompañar de, polo menos, a seguinte documentación:
 - a) Identificación do beneficiario: acreditación da súa personalidade, capacidade e, de ser o caso, representación.
 - b) Identificación da entidade financeira e financiamento solicitado.
 - c) Memoria económica do proxecto de investimento.
 - d) Xustificacións actualizadas de estar, o solicitante, ao día do pagamento das súas obrigas tributarias, coa Seguranza Social e ao día dos compromisos de pagamento adquiridos co ICO e coa Administración xeral do Estado, por calquera concepto, mediante declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa ou notario público ou calquera outro medio dos previstos no artigo 13.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - e) Ademais, en particular:

Os beneficiarios que realicen unha actividade económica, é dicir, unha actividade pola que se ofertan bens ou servizos nun determinado mercado, a sinatura dun anexo de declaración de axudas de mínimos percibidas por estes durante o exercicio económico correspondente e os dous exercicios económicos anteriores.

As entidades locais e/ou as súas entidades dependentes non produtoras de mercado, para poderen ser beneficiarias das axudas previstas no proxecto obxecto de informe, deben acreditar no expediente de solicitude, de forma fidedigna, a través do correspondente certificado do órgano competente da entidade local:

i) Que da liquidación practicada no exercicio inmediato anterior non se deduce remanente de tesouraría negativo, xerado no propio exercicio ou exercicios anteriores, nin quedaron obrigas pendentes de aplicar ao orzamento liquidado.

ii) Non estar incurso en ningún dos supostos regulados no artigo 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, nin nos regulados no artigo 23, números 2 e 3 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro.

iii) Autorización preceptiva do órgano que exerce a tutela financeira, en caso de estar incurso nalgún dos supostos regulados no artigo 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ou nos regulados no artigo 23, números 2 e 3 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

Neste último caso, a concesión da axuda deberíase efectuar suxeita a condición resolutoria, se o endebedamento non se autoriza dentro do exercicio económico.

6. A entidade financeira admitirá ou rexeitará a solicitude de acordo cos seus criterios internos en materia de riscos, no prazo dun mes, contado desde a data de presentación da solicitude.

7. No caso da súa admisión pola entidade financeira, esta remitiralle ao ICO orixinal e copia de todas as solicitudes.

8. O ICO comprobará a documentación recibida no prazo máximo de quince días contados a partir da data de entrada no ICO da operación admitida pola entidade financeira, remitirá o orixinal de todas as solicitudes e documentación que as acompaña ao órgano competente en materia de comercio das respectivas comunidades autónomas e a copia destas á Secretaría de Estado de Comercio.

9. Por acordo da Conferencia Sectorial de Comercio Interior estableceranse os criterios de valoración das solicitudes. Así mesmo, a Conferencia Sectorial de Comercio Interior poderá acordar a creación de grupos de traballo para a valoración das solicitudes presentadas; os ditos grupos elevarán unha proposta á Conferencia Sectorial de Comercio Interior.

Artigo 8. *Resolución e notificación.*

1. De acordo co adaptado pola Conferencia Sectorial de Comercio Interior, corresponderalle a cada unha das comunidades autónomas ditar resolución definitiva que autorice ou denegue a concesión dos préstamos con cargo ao Fondo correspondentes ás solicitudes do seu ámbito territorial. A dita resolución, que será motivada, determinará a contía outorgada e porá fin á vía administrativa.

2. O ICO, recibidas as resolucións favorables, emitirá autorización financeira á entidade de crédito mediadora, para que no prazo máximo dun mes, ampliable baixo petición expresa e razoada pola entidade de crédito a un mes adicional, formalice a operación de financiamento.

Artigo 9. *Prazo de execución dos investimentos.*

Os investimentos financiáveis deberán estar realizados no prazo máximo de catro anos desde a percepción do financiamento concedido, se o montante desta supera os 300.000 euros, e de dous anos se fose inferior a esta cantidade.

Artigo 10. *Control e seguimento dos investimentos.*

1. O ICO poderá solicitar das entidades financeiras toda a información e a documentación que considere necesaria para efectuar o control do financiamento concedido, seguindo os seus procedementos habituais de supervisión e seguimento.

2. Finalizado o exercicio orzamentario, o ICO remitirá ás entidades de crédito, a través dun ficheiro electrónico, información dos importes de axuda de mínimos consumidos por cada un dos seus clientes, para que estas lles comuniquen os ditos importes a aqueles. Non obstante o anterior, a entidade colaboradora deberá comunicar ao beneficiario, no momento da concesión do crédito, o importe da axuda (expresado en equivalente bruto de subvención) así como o seu carácter de mínimos referíndose, expresamente, ao Regulamento (CE) n.º 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de mínimos (Diario Oficial de la Unión Europea L379, do 28 de decembro de 2006).

3. O ICO remitirá semestralmente ás correspondentes comunidades autónomas un informe de avaliación e incidencias da liña de financiamento.

Artigo 11. *Incumprimento e reintegro.*

1. O incumprimento da aplicación do préstamo aos investimentos propostos dará lugar á revogación pola comunidade autónoma da autorización outorgada, coa conseguinte obriga de reintegro das cantidades obxecto de préstamo, incluíndo o xuro legal do diñeiro.

2. O procedemento de reintegro rexeráse polo disposto no título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 12. *Criterios de valoración de solicitudes.*

As solicitudes de financiamento serán avaliadas conforme, polo menos, os seguintes criterios:

1. A localización dos investimentos.
2. A capacidade dos proxectos para combinar a mellora dos equipamentos comerciais co desenvolvemento urbano sustentable e, en particular, coa rehabilitación de edificios e a renovación urbana.
3. A capacidade dos proxectos para innovar e mellorar a produtividade do sector.
4. A capacidade dos proxectos para actualizar e enriquecer a oferta comercial instalando e desenvolvendo novos equipamentos comerciais.
5. A capacidade dos proxectos de mellorar a seguranza dos establecementos e centros comerciais abertos.
6. A contribución dos proxectos á mellora da calidade ambiental e a eficiencia enerxética.
7. A capacidade dos proxectos para xerar emprego.
8. A contribución dos proxectos á accesibilidade.

A Conferencia Sectorial poderá propor novos criterios de valoración das solicitudes.

Artigo 13. *Convenio co ICO.*

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o ICO formalizarán un convenio de colaboración en que se recollerán as condicións de cesión, para a súa administración financeira, ao ICO do Fondo Financeiro do Estado de Axuda ao Comercio Interior, así como a remuneración ao ICO pola súa administración financeira, se procede.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica recollida no artigo 149.1.13.ª da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN